



# CONCELLO DE TABOADELA

## BASES DO CAMPAMENTO DE VERÁN 2023

### 1.- CONTIDO:

O Concello de Taboadea organiza o “ Campamento de Verán 2023” coa finalidade de proporcionar actividades de carácter educativo e lúdico e facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

### 2.- XUSTIFICACIÓN:

Creemos necesario dinamizar o concello con actividades infantís no período das vacacións escolares. Nese período, moitas familias teñen grandes dificultades para conciliar a vida laboral e familiar, precisando algún tipo de atención para os seus fillos-as. Admáis queren que os nenos poidan divertirse, aprender a relacionarse cos demais, compartan actividades, gañen en autonomía e sobre todo vivan novas e enriquecedoras experiencias. Por eso consideramos necesario dende o Concello organizar un campamento de Verán para os nenos e nenas do concello. Para desenvolver as diferentes actividades contratase como sempre a monitores/as especializad@s.

### 3.- NÚMERO DE PLAZAS:

O número de prazas que conta o “Campamento de Verán 2023” será de 48 prazas. Das cales 1 será reservada para axudas de emerxencia social , e 1 para nenos con necesidades especiais (que cumpran o punto 4.2 destas bases). Será preciso un número mínimo de 10 nenos/as por quincena para que se desenvolva o campamento.

### 4.- PERSOAS DESTINATARIAS:

4.1.- Poderán solicitar a súa participación no “Campamento de Verán 2023” os nenos e nenas entre 4 e 16 anos de idade.

4.2.- As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria sempre que teñan capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver, o que deberá ser acreditado mediante informe médico, educativo ou social

### 5.- OBXETIVOS E ACTIVIDADES DO CAMPAMENTO:

O obxectivo principal é facilitar a conciliación das familias no periodo vacacional e que os nenos poidan divertirse. Ademais pretendemos conseguir estes obxetivos:

- Vivir en cooperación
- Socializarse e integrarse
- Mellorar a comunicación
- Expresarse
- Convivir
- Traballar en grupo
- Desenvolverse espiritual e persoalmente
- Experimentar a liberdade





## CONCELLO DE TABOADELA

- Crear e participar.

### ACTIVIDADES QUE SE REALIZARÁN NO CAMPAMENTO

- Talleres e xogos diversos.
- Actividades medioambientais
- Cociña creativa
- Manualidades
- Actividades multideporte
- Actividades acuáticas
- Gymkanas de competición
- Disco e karaoke
- Outras actividades que os nenos ou as familias demanden

As actividades realizaranse seguindo todos os protocolos emitidos por Sanidade

### 6.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

O campamento desenvolverase de luns a venres en horario de 09:00 a 14:00 no Pavillón de deportes de Taboadela e demais enclaves do concello.

### 7.- DATAS E HORARIO

O campamento de verán desenvolverase do **03 de xullo ata ao 28 de agosto de 2023** de luns a venres en horario de 09:00 horas ás 14:00 horas.

Nas solicitudes **pódese elixir quincena, mes ou dous meses.**

### 8.- INSCRICIÓN

O prazo para presentar as solicitudes comezará o día 29 de maio e rematará o día 12 de xuño. As solicitudes poder recollerse no concello e serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Taboadela (de luns a venres en horario de 09:00 horas a 14:00 horas)

### 9.- PREZO

CAMPAMENTO VERÁN 2022	DE	PREZO POR QUINCENAS	
		EMPADROADOS	NON EMPADROADOS
1 NENO		20,00 euros	40,00 euros
2 IRMÁNS		30,00 euros	60,00 euros
3/+ IRMÁNS		30,00 euros	67,50 euros





## TARIFA BONIFICADA

- Bonificación: As familias numerosas e monoparentais empadroadas no concello terán dereito a unha gratuidade no terceiro irmán. As familias non empadroadas pagarán 7,50 euros por quincena polo terceiro irmán.
- Bonificación: Coa inscrición de dous fillos, o segundo terá dereito a unha bonificación do 50%.
- Exención: Gozarán da exención deste prezo público os menores que no seu caso sexan derivados polo Departamento de Servizos Sociais do Concello

## 10.- SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscrición, adxudicaranse as prazas por orde de rexistro. No caso de que o número de solicitudes sexa superior o de prazas ofertadas, terán preferencia os/as nenos/as empadroados/as no Concello de Taboadela, así como os/as nenos/as que teñan 1 pai/nai/tutor/a empadroado/a no Concello de Taboadela cunha antigüidade de 6 meses. Tamén terán preferencia as solicitudes múltiples (dous ou máis irmáns) sobre as individuais.

Os/as solicitantes non admitidos pasarán a formar parte da lista de espera. As solicitudes fóra de prazo indicado estarán suxeitas á existencia de prazas libres.

## 11.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA FORMALIZAR A INSCRICIÓN

- **Solicitud de inscrición**
- **Fotocopia de tarxeta familia numerosa ou monoparental**
- **Xustificante de pago (ver bases):**

Praza de pago das taxas do 19 de xuño ao 23 de xuño. O pago é requisito imprescindible para poder asistir ao campamento e pode realizarse, na conta do Concello:

**ES02 2080/5258/6431/1013/0567.**

O xustificante de pago deberá ser entregado no concello. De non realizarse o pago no prazo establecido, procederá a asignarse a praza ao candidato de reserva.

- **Para as familias monoparentais:**

Documento oficial acreditativo da súa situación: sentenza xudicial de separación/divorcio ou xustificación de interposición da demanda de separación/ divorcio, certificado de familia monoparental.

- **No caso de persoas con discapacidade**

Certificado acreditativo do grao de discapacidade e copia do ditame técnico facultativo, emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente.

- **Outra documentación**

Documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias, medicación ou situacións familiares que sexa preciso coñecer para o bo desenvolvemento da actividade.





### **12.- PROCESO DE SELECCIÓN**

O proceso de selección será o seguinte:

- 1.- Publicación dunha listaxe provisional de admitidos por entrada de rexistro o **15 de xuño**, no taboleiro de anuncios do Concello.
- 2.- Os admitidos deberán realizar o pago das taxas dende o **19 de xuño ao 23 de xuño** e entregar o xustificante de pago no concello. No caso de non abonarse o importe no prazo sinalado entenderase como unha renuncia e a lista correrá segundo a orde que resulte da entrada por rexistro.
- 3.- Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as e listaxe de agarda cos/as solicitantes excluídos que seguirá a orde que resulte da entrada por rexistro: o día **28 de xuño** no taboleiro de anuncios do Concello. En función das baixas que se produzan na actividade os nenos/as accederán ao campamento seguinte a ordena na que figure na lista o que será debidamente notificado por teléfono e/ou correo electrónico.

### **13.- RENUNCIA DE PRAZA**

As persoas solicitantes que, tras obter praza desexen renuncias a ela ANTES DE COMEZAR O CAMPAMENTO, deberán comunicalo por teléfono ao 988439315 ou por correo electrónico ao seguinte enderezo electrónico [concello.taboadela@eidolocal.es](mailto:concello.taboadela@eidolocal.es) antes do día 1 de xullo.

### **14.- DEVOLUCIÓN DO IMPORTE**

Unha vez realizada a inscrición e o correspondente abono para participar na actividade, se o neno/a non acude, só procederá a devolución do importe ingresado, si se xustifica con anterioridade ao inicio do campamento e por causa debidamente xustificada, en ambos casos previa presentación de solicitude. En caso contrario no procederá a devolución do importe.

### **15.- PUBLICIDADE DA ACTIVIDADE**

As bases para o campamento da presente convocatoria se atopan, no taboleiro de anuncios do Concello de Taboadela e na páxina Web do Concello.

A participación no campamento suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases. O Concello de Taboadela resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar prezos par ao correcto funcionamento dos campamentos.

**-DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE-**

